

Diario dunha pandemia.

1-Introducción.

É indubidable que estamos vivindo un dos feitos históricos máis importantes do século XXI e, por extensión, das nosas vidas. A situación actual non ten precedentes na historia da humanidade no sentido de declarar unha situación de alarma e corentena de Estados enteiros. Houbo (e haberá) moitas outras epidemias e pandemias, pero que levaran a un confinamento destas características endexamais. Isto non se debe especificamente a gravidade da enfermidade, senón a que grazas aos medios científicos, técnicos, loxísticos e económicos, somos a sociedade da historia mellor preparada para conter unha pandemia e evitar que, como as anteriores na historia, produza millóns de mortos. Estamos interconectados tecnoloxicamente, temos a capacidade como Estado de garantir a distribución de alimentos e controlar a circulación de persoas, somos a xeración da historia da humanidade mellor alimentada e a que dispón dun sistema sanitario mellor preparado e, afortunadamente, a ciencia está nun nivel de desenvolvemento o suficientemente avanzado como para poder loitar con garantías contra o COVID-19. Pensade por exemplo que San Sebastián, patrón de Pontevedra, ou San Roque eran santos aos que a xente lles rezaba para que os salvaran da peste e, tristemente, eran practicamente as únicas *armas* coas que contaron os pontevedreses para superar as crises pasadas. Nos temos armas poderosas: razón, ciencia e tecnoloxía. Estamos a vivir unha situación de guerra. De guerra biolóxica, silenciosa e invisible, que, con responsabilidade e atendendo as directrices das autoridades, quedándonos na casa, manténdonos ocupados e positivos seremos capaces de gañar. Demostrade a esta sociedade que a mocidade é responsable, disciplinada, e que os que se van de festa son unha minoría. Demostrade que os alicerces deste país, que está a pasar por un dos seus momentos máis duros deste século, son os mellores posibles. Demostrade que somos capaces de protexer aos nosos maiores e grupos de risco de xeito colectivo, todo isto o facemos por eles e elas, que tanto fixeron por todos e todas nos no pasado.

Unha das nosas responsabilidades é manter o nivel de aprendizaxe e de traballo, xa que non podemos perder o que xa tiñamos e, nalgúns casos, é unha oportunidade perfecta para poder reengancharse a un curso ou a unha materia que nos resultaba especialmente difícil. É unha segunda oportunidade, unha vida extra, para poder promocionar e o ano que ven estar no seguinte curso. E tamén é unha oportunidade perfecta para aprender a traballar como historiadores, aprender a facer traballos e, non esquezades isto, posuír un documento valiosísimo para, dentro duns anos, poder recordar de xeito preciso todo o que está a acontecer e, quen sabe, explicarllo aos vosos fillos e fillas, sobriños e sobriñas ou netos e netas.

2-Proposta de actividade.

A intención deste traballo é poder realizar un informe ou un diario sobre a pandemia do COVID-19 no que se reflicta de xeito cronolóxico os acontecementos e medidas adoptadas que se van sucedendo diariamente. A tal efecto propoño atender as seguintes dimensións da pandemia.

Diario dunha pandemia.

1-Introducción

Neste apartado debe explicarse que é o COVID-19 (tipo de virus, concepto de zoonose, vías de contaxio, síntomas, taxa de morbilidade bruta e por idades, ratio de contaxio por paciente, etc), a súa orixe e como comezou a epidemia en Wuhan e foi saltando ata o resto dos países. Pódese explicar o concepto de epidemia, pandemia, zoonose (explicar que as principais enfermidades epidémicas son zoonoses) e expoñer brevemente cales foron as principais epidemias da historia da humanidade.

2-Diario da Pandemia

Neste punto vamos a tratar de explicar a partir das diferentes fontes como se vai propagando a epidemia de xeito, se se pode, diariamente, atendendo as seguintes variables.

1-Bioxeográficas: países que se van infectando, número de caso mundiais e en España (diferenciando por comunidades no caso de que se considere importante e principalmente en Galicia e na cidade de Pontevedra)

2-Políticas: explicar cales son, e que obxectivos perseguen, as decisións políticas salientables que se van tomando para conter o virus, por exemplo a declaración do estado de alarma, o peche das escolas, etc.

3-Sociais: cambios no comportamento social, por exemplo non dar a man, como a xente pasou da incredulidade a darse conta da necesidade de ser responsables, a difusión das novas e os bulos a través de internet, a vida na casa durante a corentena, os aplausos aos sanitarios polas noites desde as casas, etc.

4-Económicas: consecuencias económicas, baixada na bolsa, crise, medidas adoptadas para parala, peche dos negocios, etc.

5-Persoal: explicar como cada un de vos leva a corentena e como van cambiando as vosas ideas e emocións ao longo deste tempo. Se contades con testemuños directos que pensades que son salientables entrevistádeos.

Cando comezar a facelo? Eu empezaría cunha breve cronoloxía de cando chegou a Italia e os primeiros caso en España. Pero empezaría a facelo detallado e centrado no ámbito estatal e municipal a partir do mércores 12 de marzo

3-Metodoloxía:

O traballo pode facerse en grupos ou individual. Enviádeme unha mensaxe co número de persoas e os nomes para ver que me parece a composición do grupo e explicádeme como ides realizar a división do traballo e o enfoque. A medida que vaiades tendo material feito enviádemolo para a súa supervisión. Podedes empregar os recursos gráficos que precisades e utilizar as fontes que queirades. Recomendo empregar as webs dos principais xornais: EL País, El Mundo, El Diario.es, por exemplo, teñen monográficos onde toda esa información a podedes ir extraendo, así como a propia wikipedia (a páxina do *The Washington Post* ten un gráfico de como se propaga o virus e como se propagaría con ou sen corentena que é excepcional)

Diario dunha pandemia.

4-Avaliación

Como vivimos un momento excepcional adoptarei medidas excepcionais, e aquelas persoas que se tomen este traballo en serio e presenten algo no que se note o esforzo e a calidade terán unha recompensa na súa cualificación final. Os mellores traballos os difundirei dentro da comunidade educativa do IES Sánchez Cantón e tamén fora dela (ámbito educativo autonómico e prensa) xa que considero que pode ser un documento estupendo para que se entenda como se desenvolveu a pandemia en Pontevedra e como foi vivida.

Pensade que este traballo que fagades agora é o voso legado persoal de toda esta situación. Será unha experiencia increíble poder lelo cando teñades 25, 40 ou 60 anos, pensade moi ben niso para motivarvos. Recordar a experiencia vivida e que os vossos seres queridos podan lelo non ten prezo. E quen sabe, quizais sexa a materia prima de algún traballo futuro voso na universidade, dun doutoramento ou dun estupendo libro, xa que se de algo son consciente e de que, cando queredes, sodes máquinas inesgotables de talento.